

CAMILO NOGUEIRA PRESENTA UNHA RECOMPILACIÓN DOS SEUS ARTIGOS

'A terra cantada' preséntase en Compostela

O deputado e economista Camilo Nogueira presenta, o martes 28 ás oito na Galería Sargadelos, esta súa antoloxía de oitenta dos seus textos políticos (intervencións parlamentarias, discursos, artigos e ensaios), que teñen como fio condutor a reflexión sobre a construción do proxecto nacional galego nos últimos dous séculos. Estará acompañado por Manuel Bragado, editor de Xerais, e polo escritor Suso de Toro. Xa ten unha extensa obra ensaística ás súas costas, como demostran *O poder industrial en Galicia*, ou *A memoria da nación I. O reino de Gallaecia*, primeiro volume do seu vasto proxecto de interpretación da historia política de Galicia, titulado *A memoria da nación*

- 11:02 27/03/2006

Esta nova achega é un volume precedido polo limiar, "O comezo do mundo", e estruturado catro capítulos: en "Provincia ou nación" aborda as cuestións referidas ao desenvolvemento do movemento nacional galego; a seguir, "A memoria e a amnesia" reflexiona sobre as contradicións existentes sobre o papel de Galiza, Cataluña ou Euskadi dentro do estado español; o terceiro episodio, "Unha revolución histórica" percorre e analiza os fitos decisivos do proceso constitucional europeo recente; e, por último, no capítulo titulado "O imperio declinante", dende a súa dilatada experiencia internacional, dá conta dalgúns dos acontecementos máis salientábeis da última década.

Nogueira ofrece un libro con unidade e grande coherencia, no que busca a interpretación da historia do nacionalismo a través doutro prisma: na vez de concibilo como ideoloxía, amósao como unha proposta de liberdade, progreso e independencia que, cos seus erros e os seus acertos, reflicte a procura do autogoberno para Galicia, o estatus de como nación no mundo. Nogueira enuncia unha menxase esperanzada para unha Galicia con vontade de mudar a súa perspectiva histórica, reencontrándose como nación política, unindo a memoria do pasado co proxecto do futuro.

O volume, editado por [Xerais](#) na colección Crónica, custa 18 €, e será presentado na Galería Sargadelos o martes 28 ás oito da tarde.

Camilo Nogueira Román (Vigo 1936), enxeñeiro e economista, é un dos máis destacados dirixentes do nacionalismo galego. Presidente da Asociación Cultural de Vigo nos anos sesenta, contribuíu a fundar o sindicalismo galego e a estruturar o nacionalismo como organización política entre os anos sesenta e noventa. Foi deputado no Parlamento de Galicia, dende os seus inicios (1981-1993) e dende 1997 a 1999, facendo compatíbel o traballo político co profesional. Foi concelleiro no Concello de Vigo e membro do Parlamento Europeo na lexislatura 1999-2004.